CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 009/2009.

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	**ORDINARIA**
Data da Sesión:.....	**17 de xaneiro de 2009**
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	**10:30 horas**
(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)	

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2008, ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE SETEMBRO E 28 DE NOVEMBRO DE 2008 E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS E URXENTES CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE NOVEMBRO E 1 DE DECEMBRO DE 2008.**
2. **MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE ACUSACIÓN DE FRAUDE A VECIÑOS DE MESÍA.**
3. **MOCIÓN DO BNG SOBRE CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN MUNICIPAL DE SEGUIMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.**
4. **MOCIÓN DO BNG SOBRE CONXELACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE CARGOS ELECTOS DO CONCELLO DE MESÍA.**
5. **MOCIÓNS.**
6. **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 22/2008 E DECRETOS DE ALCALDÍA (208/2008 a 347/2008).**
7. **DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 25 DE SETEMBRO DE 2008 ATA O 18 DE DECEMBRO DE 2.008.**
8. **DAR CONTA DOS PROXECTOS A INCLUIR NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL APROBADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**
9. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 14 de xaneiro de 2009.

	Ante min,
O ALCALDE,	O SECRETARIO,
D Mariano Iglesias Castro.	D Eladio Bendaña Pardo.

CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2009.

ALCALDE:
D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:
D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
Dª Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
Dª María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
Non asiste e se escusa:
D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :
D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 17 de xaneiro de 2009, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2008, ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE SETEMBRO E 28 DE NOVEMBRO DE 2008 E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS E URXENTES CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE NOVEMBRO E 1 DE DECEMBRO DE 2008.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Pide a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta, en canto á acta da sesión ordinaria de data 4 de outubro pasado, que no punto 10, rogos e preguntas, na súa pregunta ó Sr. Alcalde pola pista da fraga en Visantoña, consta na acta que dixo "que están arranxando estes días", o que debe ser un erro de transcrición porque esa pista non se estaba arranxando.

Manifesta o Secretario que seguramente foi un erro de transcrición En consecuencia, transcribirase a súa intervención ó Libro de Actas suprimindo o parágrafo "que están arranxando estes días".

Non habendo máis pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcrición ó Libro de Actas.

2. MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE ACUSACIÓN DE FRAUDE A VECIÑOS DE MESÍA.

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que este tema non necesita máis aclaración que o xa queda exposto na propia moción, e que pode sintetizarse en que trátase de restituír o crédito tanto de Don Xaquín López Ares como, a lo menos, do vinte por cento dos veciños do Concello de Mesía, logo das difamacións de que foron obxecto nos medios de comunicación, xa que, a data de hoxe, nin hai probas contra o Sr. López Ares nin contra ningún dos veciños deste Concello, e entende este grupo de goberno que é o noso deber defender o bo nome do noso Concello e dos nosos veciños.

A continuación o Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

"O día 31 de outubro e o día 1 de novembro de 2008 nos informativos da TVG publicouse unha noticia, en directo dende o Concello de Mesía, na que acusaban a un veciño deste concello de cometer unha fraude de simulación dun ataque dun lobo a unha vaca coa fin de cobrar a correspondente indemnización.

O día 31 de outubro no dito informativo falaba o director xeral da Conservación da Natureza, don Xosé Benito Reza Rodríguez. Este acusaba ao sector gandeiro de que un 20% das denuncias feitas de ataques de lobos eran falsas e tamén dicía que había un gandeiro acusado de fraude.

O día 1 de novembro, no mesmo informativo, fíxose público que o dito gandeiro era o presidente da Federación de Produtores Lácteos (Feplac) en Galicia, Xaquín López Ares, gandeiro, veciño e ex-alcalde deste concello.

Este mesmo día Unións Agrarias dou unha rolda de prensa na que tamén acusaba a este veciño da dita fraude.

Durante dous días os medios informativos de máis audiencia da TVG difundiron o nome de Mesía por un acto de fraude. Con esta difusión fixeron un uso abusivo e indebido do nome de Mesía e do que foi o seu alcalde, prexudicando o bo nome deste concello gandeiro cun exceso de publicidade negativa pois unha vez máis sae Mesía por algo malo relacionado coas vacas maila existir moitas cousas boas relacionadas con este tema que non se falan nin na TVG nin na Consellería de Medio Ambiente.

Sabendo que o acusado sempre defendeu a súa inocencia dende a primeira rolda de prensa que fixo neste concello e que instou en todo momento á dita consellería a que, se tiña probas, actuara en consecuencia, pois nin el nin a asociación que representa cometeron ningunha fraude relacionada coa dita acusación. Eles só expuxeron e defenderon os danos ocasionados polos lobos ao gando das explotacións gandeiras.

Tanto este concello como o veciño afectado e a organización empresarial que representa queremos transparencia informativa e ningunha manipulación da información, pois a pesar de difundir e difamar o bo nome de Mesía polos medios gratuitamente, a día de hoxe este concello non recibiu ningunha proba con respecto a acusación feita a este veciño que nos merece, como calquera outro, todo o respecto.

O concello ten o deber e a obriga de velar pola verdade e de defender dentro da legalidade a todos os seus veciños, pois todos os cidadáns teñen o dereito de presunción de inocencia ata que se demostre o contrario. Ademais neste caso non se coñece ningunha denuncia nin tan sequera ningún expediente administrativo aberto, só se coñece a acusación dos medios que causou un dano ao bo nome de Mesía, ao do seu anterior alcalde e ao de todos os gandeiros galegos xa que tamén se publicou que un 20% das denuncias atribuídas aos lobos eran falsas, dato do Sr. Director.

Os veciños de Mesía e o seu concello non podemos permitir que se dean nomes de veciños acusándoos de fraude, marcando o nome deste concello, sen interpor a correspondente demanda e sen abrir expediente sancionador ao respecto pois non é razoable filtrar unha noticia aos medios informativos para difamar e logo non obrar en consecuencia.

Por todo o exposto, o grupo municipal PSdeG - PSOE propón ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

***PRIMEIRO**.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente as probas da acusación de fraude no sector gandeiro polo ataque dos lobos, e que informe se se abriu expediente contra Feplac ou contra o seu presidente a día de hoxe xa que estes feitos afectan a este concello e aos seus cidadáns.*

***SEGUNDO**.- Que o director xeral da Conservación da Natureza informe a este concello o antes posible, se Feplac ou o seu presidente tramitaron e percibiron algunha indemnización directa por danos de lobos durante o ano 2008.*

***TERCEIRO**.- De ser certo que Xaquín López non percibiu nin solicitou indemnización ao respecto, que o director teña a ben pedir perdón ao Concello de Mesía, aos seus veciños e persoalmente ao veciño Xaquín López polo descrédito carreado.*

***CUARTO**.- Que o director teña a ben informar a este concello se existe expediente aberto nesa consellería contra algún veciño de Mesía por fraude dos ataques dos lobos ante a dimensión da noticia cara a Mesía.*

***QUINTO**.- Esixir á TVG que publique as probas que xustifican a dita acusación ao noso veciño e á asociación Feplac. En caso contrario, que pida perdón pola difamación feita contra todo o Concello de Mesía e concretamente contra Xaquín López."*

De seguido, o Sr. Alcalde dálle a palabra ós voceiros.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, quen di que, pola nosa parte, o Sr. Alcalde di que as acusacións son falsas, pero nós non sabemos si son falsas ou non o son. Trátase dun conflito de carácter privado. Nesta moción faise unha mestura indebida. Entendemos que é unha moción dun

grupo político, que non se pode arrogar a representatividade dos veciños ou das asociacións do Concello. No que si estamos de acordo é coa presunción de inocencia, pero non se trata dunha acusación xeral a todos os gandeiros. Nós nos informamos pola TVG de xeito sorpresivo, e desexamos que se aclare o tema polo bo nome de Mesía, pero tamén entendemos que debe deixarse fora do debate político.

Toma a continuación a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, quen comeza manifestando que cando lin as declaracións no diario Metropolitano no mes de setembro o primeiro que a noticia me causou foi sorpresa e estrañeza. Isto máis ben parece unha loita entre sindicatos. Descoñezo como sucederon os feitos pero partimos de que a base dun Estado de dereito é a presunción de inocencia e, se acusación é certa, que se depuren responsabilidades. O que ten que facer o Sr. Alcalde é reclamar a nivel interno, porqué se nomea a dedo a un director xeral, que é un cargo público que verte acusacións e difama. Ademais, de se lo caso, deberíanse depurar responsabilidades na Consellería de Medio Ambiente, e se os feitos non se produciron do xeito que se produce, que se restitúa a honra do Sr. López Ares, que non a perdeu, porque todos sabemos o que fan os medios de comunicación. En todo caso, creo que se trata dunha cuestión particular, o Sr. López Ares ten todo o respecto, pero esta cuestión debe quedar fora do debate político, polo que nos imos votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que o Pleno, como órgano colexiado ten competencias executivas, pero como tal órgano colexiado pode manifestar a súa opinión sobre algunha cuestión que considere de interese, como cando se pide que Israel cese os bombardeo, xa que este Pleno está claro que non ten competencias executivas nese asunto. Así mesmo, non ten porqué sacarse do debate político un asunto que afecta directamente ós veciños do concello de Mesía. Por outra banda, coa mesma intensidade coa que defendo esta moción, recriminaría ó Sr. López Ares se os feitos fosen certos. Mentres eu presida este Concello e o meu grupo o apoie, defenderemos os intereses de calquera veciño. Ademais, non creo que sexa unha cuestión estritamente privada, cando se alude ó vinte por cento dos veciños do concello. Se alguén que acusa a un suxeito con nomes e apelidos non pode probar nada, qué poderá probar co vinte por cento dos veciños.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación o presente punto da orde do día, aprobándose por seis votos a favor, correspondentes ós concelleiros do PsdeG-PSOE, unha abstención, correspondente ó concelleiro presente do BNG, e tres votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PP.

3. MOCIÓN DO BNG SOBRE CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN MUNICIPAL DE SEGUIMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

"Pedro Pedreira Candal, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comparece e como mellor proceda DI:

Que por medio do presente escrito ven a presentar a seguinte MOCIÓN para o seu debate e toma en consideración se procedese no seguinte Pleno da Corporación Municipal, con base na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é un instrumento absolutamente necesario para o desenvolvemento do Concello de Mesía, así o considera o Grupo Municipal do BNG e así o manifestaron as outras dúas forzas políticas presentes no Concello, PP e PSOE.

Na situación actual nin se poden proxectar novas industrias, nin novas edificacións, polo que o noso Concello esmorece, perdendo poboación en favor de municipios cercanos e obrigando á xente nova e aos emprendedores a buscar solucións noutros lugares ou agardar a ter unha seguridade de cara a facer novas inversións.

Este Grupo Municipal entende este Plan Xeral como absolutamente prioritario e moi necesario, polo que debería levarse a termo á maior velocidade e no menor lapso de tempo posible, posto que del depende o desenvolvemento inmediato do municipio.

Así mesmo, e en pos desa celeridade, o Plan debería subtraerse do debate político, participando as tres forzas na súa elaboración e redacción, debendo guiarse unicamente por criterios técnicos e obxectivos e ser aprobado por unanimidade como refrendo do seu carácter técnico.

Esta postura foille manifestada verbalmente ao señor Alcalde, quen se mostrou de acordo, e de xeito cordial manifestou a súa intencións de proporcionar toda a información existente co gallo de acadar un instrumento consensuado.

Nembargante xa vai ano e medio de lexislatura e a parte das boas palabras, este Grupo non recibiu documento informativo algún, polo que consideramos vital evitar a discusión neste tema. Considerando ademais que o que se pide nesta moción é práctica habitual noutros Concellos, como no veciño de Cesuras, e polo que se somete a consideración do Pleno a presente

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Constituír unha Comisión Municipal de Seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no que participará un membro de cada formación política presente na Corporación (PSOE, PP e BNG), que se reúna con periodicidade mensual ou bimensual, segundo se acorde chegado o caso."

Comeza o Sr. Alcalde dando a palabra ó voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pedreira Candal, quen comeza dicindo que reitera o falado co Sr. Alcalde e co voceiro do grupo municipal do PP, xa que ámbolos dous mostraron a súa disposición para subtraer do debate político este tema, considerándoo unha cuestión técnica. Agradezo publicamente a postura do Sr. Alcalde, que se mostrou disposto a adoptar os acordos que procederan neste sentido. Pasa o tempo e estamos sen Plan Xeral, non temos información como si ten noutros concellos a través de Comisións Informativas, polo que reiteramos a necesidade de crear unha Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral.

De seguido, o Sr. Alcalde concede a palabra ó Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta que os tres portavoces chegamos ó compromiso de subtraer da loita política o Plan Xeral. Nós

entendemos que por agora estase a facer un traballo de campo, pero confiamos en que o día en que o Sr. Alcalde teña a documentación constituirase a Comisión Informativa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen comeza dicindo que agradezo a confianza do PP no que eu diga. Recoñezo publicamente que se acordou subtraer o tema do Plan Xeral do debate político. Este Alcalde xa ofertou a posibilidade de formar unha Comisión Informativa. Coincido na exposición de motivos, pero si non se deu información é porque aínda se están a delimitar os núcleos e a catalogar cada edificio na tipoloxía que corresponda e non teño documento algún que mostrar, pero o que si podo salientar é que cumprimos co cronograma marcado, non transcorreu un ano dende a sinatura do contrato, e posiblemente antes de que transcorra o ano teñamos o documento de aprobación inicial. Teñan claro que si teño documentación que mostrar, chamareilles. En canto a proposta que se fai na moción, debe sinalarse que a representación dos grupos nas Comisións debe ser proporcional.

Intervén o Sr. Álvarez Monteserín, sinalando que si todos estamos de acordo, o reparto danos igual. Si se pode modificar a composición, axustemos a composición da Comisión ó que di a lei.

Intervén de seguido o Sr. Pedreira Candal manifestando que da a impresión de que apropieime dunha idea do Sr. Alcalde, e non é así. A composición da Comisión danos igual, só queremos información, e se todos estamos de acordo non debería haber máis problemas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que eu xa ofertei constituír unha Comisión Informativa do Plan Xeral, pero cando tivese algo que facer, e por agora non hai documentación que poñer sobre a mesa, e, ademais, a Comisión ten que ter unha composición coa proporcionalidade esixida pola lei, pero podemos votar agora a constitución dunha Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral cunha composición proporcional á representación dos grupos no Pleno (tres membros do PsdeG-PSOE, un membro do BNG e un membro do PP), e na sesión constitutiva fixar con precisión os seus membros e a súa periodicidade. Somete o Sr. Alcalde o acordo a votación, sendo este adoptado por unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN DO BNG SOBRE CONXELACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE CARGOS ELECTOS DO CONCELLO DE MESÍA.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

"Pedro Pedreira Candal, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comparece e como mellor proceda DI:

Que por medio do presente escrito ven a presentar a seguinte MOCIÓN para o seu debate e toma en consideración se procedese no seguinte Pleno da Corporación Municipal, con base na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É por todos coñecido, e así mesmo tamén sufrido en maior ou menor medida, o período de crise económica sen precedentes que a nosa razón está a padecer, e por extensión o noso Concello.

Son moiras as medidas adoptadas por todas as administracións públicas ao respecto, pero dentro das administracións locais estanse a aplicar os chamados "plans de austeridade". No noso Concello non existe, que se saiba, ningunha medida neste sentido, e entendemos que é necesario un xesto por parte da clase política local que posibilite xerar novos recursos que como todos sabemos son escasos e máis aínda o poden ser.

Polo exposto, formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Que para o ano 2009 se conxelen as retribucións de todos os cargos electos do Concello de Mesía, é dicir: dedicacións exclusivas, parciais, retribucións por asistencia a Plenos, Comisións de Goberno, asistencia a xuntanza de órganos colexiados, etc. Como exemplo de austeridade diante dos tempos no que nos atopamos e dos que se aveciñan."

Comeza o Sr. Alcalde dando a palabra ó voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pedreira Candal, quen comeza dicindo que sería bo, seguindo os plans de austeridade realizados noutros concellos, por exemplo, fai pouco, o concello de Carral, como un xesto cara á poboación, que mostra a súa desconfianza cara a clase política.

De seguido, o Sr. Alcalde concede a palabra ó Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta que estar a favor da medida, si ben con ela non sairemos da crise, pero hai que dar exemplo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen di que apoia a moción como un xesto da clase política. Oxalá este equipo de goberno sexa capaz de xerar máis recursos dos que se van a aforrar.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestando nada ó respecto os voceiros dos grupos municipais, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 22/2008 E DECRETOS DE ALCALDÍA (208/2008 a 347/2008).

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 25 DE SETEMBRO DE 2008 ATA O 18 DE DECEMBRO DE 2.008.

Comeza o Sr. Alcalde sinalando que dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local así como un listado cun breve extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós

portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

O Sr. Pedreira Candal, portavoz do grupo municipal do BNG, pide máis transparencia e que, de ser posible, se lles facilite copia dos decretos.

8. DAR CONTA DOS PROXECTOS A INCLUIR NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL APROBADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que o importe total asignado ó concello de Mesía é de 524.000 euros, e se pretenden incluír catro proxectos:

ACOMETIDAS REDE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA, PARROQUIAS DE CASTRO CUMBRAOS E LANZÁ, que comprende acometidas á rede xeral, xa que a propia rede xeral está a facela a Consellería de Medio Ambiente, ACOMETIDAS REDE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA, PARROQUIAS DE BOADO, CABRUI E XANCEDA, que son acometidas na rede xeral nesas parroquias, CAMIÑO DE MESÍA A COVA DE VALES, tapar fochas, sinalar e botar aglomerado en quente, e CAMIÑO DA IGLESIA A ALBIXOI - CAMPO DAS MENTIRAS, que comprende o ensanche do viario en 13 quilómetros de estrada, xa que a capa de rodadura é aceptable pero é moi estreita. Os criterios para elixir estas actuacións, ademais de tratarse de servizos importantes para toda a poboación, ven dado pola dificultade de incluílas noutros plans, xa que virían a ser, por exemplo, as actuacións de, a lo menos dous anos dun plan de obras e servizos da deputación.

Toma a palabra ó Sr. Pedreira Candal, quen pregunta pola previsión de creación de postos de traballo, ó que o Sr. Alcalde resposta que, nos camiños, oito persoas en cada obra, e, na distribución de auga, cinco persoas en cada unha.

O Sr. Álvarez Monteserín pregunta cando se van a levar a cabo as obras, ó que o Sr. Alcalde resposta que máis ou menos nun mes dende que nos aproben os proxectos.

Continúa dicindo o Sr. Álvarez Monteserín que os proxectos parécenme interesantes, e aínda que cadaquén faría a inversión dun xeito determinado, esta ten a nosa bendición, e si lle digo que me parecen electoralistas, non crea que por iso estou en contra deles, pero os criterios son cuantitativos e non cualitativos, e non se ten en conta, por exemplo, a dispersión de poboación, polo que ó final en Galicia saímos perdendo sempre, xa que é moito máis doado prestar servizos en núcleos concentrados.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que agradece e coincide co Sr. Álvarez Monteserín.

O Sr. Pedreira Candal manifesta que, con respecto á miña bendición, as obras parécenme positivas para o Concello, e, en canto ó ensanche da estrada, paréceme ben porque era moi perigosa, pero sería bo, si pode, facer o mesmo co viario das Travesas a Xanceda. Pensei que o Fondo ía crear máis postos de traballo.

Tendo en conta o antedito a moción queda redactada do seguinte xeito:

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.